A lenda de San Xulián o hospitalario

Gustave Flaubert

Tradución de Emma Lázare Rodríguez

ATG
asociación de tradutores galegos

Gustave Flaubert

A lenda de San Xulián o hospitalario

Versión galega de Emma Lázare Rodríguez

I

O pai e a mai de Xulián vivían nun castelo, no medio dos bosques, na aba dun outeiro.

As catro torres dos ángulos tiñan teitos aguzados recubertos de escamas de chumbo e a base dos muros apoiábase sobre uns bloques de rochas que caían abruptamente ata o fondo dos foxos.

O empedrado do patio era regular coma o lousado dunha igrexa. Longas gárgolas, figurando dragóns coas fauces para abaixo, cuspían a auga da choiva cara o alxibe e, no peitoril das ventás, en tódolos andares, en testos de arxila pintada, florecía o asubiote ou o heliotropo.

Un segundo cercado, feito con estacas, encerraba primeiro un verxel de árbores froiteiras, logo un xardín onde combinacións de flores debuxaban iniciais enlazadas, a continuación unha parra con enramadas para toma-lo fresco e un xogo do mallo que servía para diversión dos paxes. Do outro lado atopábanse a canceira, as cortes, o forno do pan, o lagar e os celeiros. Todo ó redor estendíase un prado de herba verde, pechado el mesmo por unha forte sebe de espiño.

Había tanto tempo que vivían en paz que xa nin sequera se baixaba a reixa; os foxos non estaban cheos de auga; as andoriñas facían os niños na fendedura das troneiras; e o arqueiro que paseaba polo adarve todo o día, cando o sol quentaba moito entraba na garita e durmía coma un frade.

No interior relucían as ferraxes por todas partes; nas estancias, as tapicerías protexían do frío e os armarios desbordaban de roupa; as barricas de viño amoreábanse nas adegas; as arcas de carballo renxían co peso das sacas de prata.

Na sala de armas podíanse ver, entre estandartes e cabezas de animais salvaxes, armas de tódolos tempos e de tódalas nacións, dende as fondas dos amalecitas e os venabres dos garamantes ata os machetes dos sarracenos e as cotas de malla dos normandos.

O espeto maior da cociña podía facer xirar un boi; a capela era suntuosa coma o oratorio dun rei. Mesmo había, nun lugar apartado, un baño á romana, pero o bo señor non o utilizaba, estimando que era un costume de idólatras.

Sempre envolto nunha peliza de raposo, paseaba pola casa, dictaba xustiza ós vasalos, pacificaba as querelas dos veciños. Durante o inverno, miraba como caían as folerpas de neve ou mandaba que lle lesen historias. En canto chegaba o bo tempo saía na mula polos pequenos camiños, á beira dos trigais verdecentes, e parolaba cos labregos, ós que daba consellos. Despois de moitas aventuras, tomara por muller unha doncela de alta liñaxe.

Esta era moi branca, algo altiva e seria. As puntas da súa touca rozaban o lintel das portas; a cola do vestido de pano arrastraba tres pasos detrás dela. A súa vida doméstica estaba regulada coma o interior dun mosteiro; tódalas mañás distribuía a tarefa ás criadas, vixiaba os confeitos e os ungüentos, fiaba na roca ou bordaba panos de altar. Á forza de pedirllo a Deus, tivo un fillo.

Entón houbo grande ledicia e un banquete que durou tres días e catro noites, á luz dos fachos, ó son das arpas, co chan estrado de follaxe. Coméronse as máis raras especias, con galiñas gordas coma años; por diversión un anano saíu dun paté e como as escudelas non eran suficientes, pois o xentío aumentaba cada día, tiveron que beber nos olifantes e nos cascos.

A que acababa de parir non asistiu a estas festas. Ficou no leito, tranquilamente. Unha noite espertou e albiscou, sobre un raio de lúa que entraba pola fiestra, unha especie de sombra que se movía. Era un ancián cun hábito de burel, un rosario ó costado e unha alforxa ó lombo; tiña toda a aparencia dun ermitán. Achegouse á cabeceira da cama e dixo, sen despega-los labios:

—¡Alégrate, oh mai! ¡O teu fillo será santo!

Xa ía berrar; pero el, esvarando sobre o raio de lúa, elevouse no ar suavemente e desapareceu. Os cantos do banquete estalaron con máis bríos. Oíu voces de anxos, e a súa cabeza recaeu na almofada, sobre a que tronaba un óso de mártir nun marco de carbúnculos.

Ó día seguinte, realidade, aquilo debía ser unha comunicación do ceo; pero ela gardouse de dicir nada, por medo a que a acusasen de orgullo.

Os convidados marcharon ó amencer, e o pai de Xulián atopábase fóra da poterna, a onde acudira para acompañar ó último cando, de súpeto, apareceu ante el, entre o neboeiro, un mendigo. Era un bohemio de barba trenzada, con aros de prata nos dous brazos e as pupilas flamexantes. Balbuciu cun aire inspirado estas palabras sen sentido:

—¡Ah!, ¡ah!, ¡o teu fillo!... ¡Moito sangue!... ¡Moita gloria!... ¡Sempre feliz!... A familia dun emperador.

E, inclinándose para recolle-la esmola, perdeuse pola herba, esvaeceu.

O bo castelán mirou á dereita e á esquerda, chamou todo canto puido. ¡Ninguén! O vento asubiaba, as brumas da mañá disipábanse.

Atribuíu aquela visión á fatiga da súa cabeza por ter durmido pouco. "Se falo disto hanse burlar de min", dixo para si. Ora que, os esplendores destinados ó seu fillo abraiábano, aínda que a promesa non estivese clara e que mesmo dubidase de tela oído.

Os esposos ocultáronse o segredo. Mais os dous aloumiñaban a criatura con igual tenrura; e, respectándoo como marcado por Deus, tiveron coa súa persoa atencións infinitas. A súa cama estaba reenchida da máis fina penuxe; unha lámpada en forma de pomba brillaba encima, arreo; arrolábano tres aias; e, ben envurullado nos seus cueiros, coa cara rosa e os ollos azuis, co seu manto de brocado e o gorriño cuberto de perlas, parecía o meniño Xesús. Saíronlle os dentes sen que chorase nin unha vez.

Cando fixo sete anos, súa mai aprendeulle a cantar. Para que se fixese valente, seu pai montouno nun gran cabalo. O neno ría de gusto, e non tardou en saber todo o concernente ós corceis.

Un vello monxe moi sabio ensinoulle as Sagradas Escrituras, a numeración dos árabes, as letras latinas e mais a facer lindas pinturas sobre papel vitela. Traballaban xuntos no alto dun torreón, apartados do ruído. Rematada a lección, baixaban ó xardín, onde, deambulando pasiño a pasiño, estudiaban as flores.

Ás veces dibisábase, camiñando polo fondo do val, unha reata de bestas de carga, conducidas por un home a pé, vestido á maneira oriental. O castelán, que o recoñecera como mercador, mandaba xunto a el un criado. O estranxeiro, confiado, desviábase da súa ruta e, introducido no locutorio, retiraba dos seus cofres pezas de veludo e de seda, xoias, esencias aromáticas, cousas singulares de uso descoñecido; ó cabp o bo do home marchaba con moita ganancia, sen sufrir ningunha violencia. Outras veces, unha tropa de peregrinos chamaba á porta. Os seus traxes mollados fumegaban xunto á lareira, e cando estaban saciados, contaban as súas viaxes: os extravíos das naves no mar escumoso, as marchas a pé sobre areas ardentes, a ferocidade dos pagáns, as cavernas de Siria, o Nacemento e o Sepulcro. Logo, dábanlle ó señor novo cunchas dos seus mantos.

Á miúdo, o castelán agasallaba ós seus vellos compañeiros de armas. Mentres bebían lembraban as súas

guerras, os asaltos ás fortalezas co bater das máquinas e as súas prodixiosas feridas. Xulián, que os escoitaba, lanzaba berros; daquela seu pai non dubidaba de que, máis adiante, fose un conquistador. Pero á noitiña, ó saír do *Angelus*, cando pasaba entre os pobres debruzados, sacaba algo da súa bolsa con tanta modestia e cun aire tan nobre, que súa mai contaba con velo, xa que logo, arcebispo.

O seu sitio na capela estaba a carón do de seus pais e, por longos que fosen os oficios, permanecía de xeonllos no seu reclinatorio, co gorro no chan e as mans xuntas.

Un día, durante a misa, dexergou, ó alza-la cabeza, un ratiño branco que saía dun burato da parede. Trotou polo primeiro chanzo do altar e, tras dar dúas ou tres voltas á dereita e á esquerda, foise polo mesmo sitio. Para o domingo seguinte, turbouno a idea de que podía velo de novo. O rato volveu; e agardábao cada domingo; sentíase importunado, tomoulle xenreira e resolveu desfacerse del.

Así que, despois de pecha-la porta e de esparexer polos chanzos unhas migallas de pastel, apostouse diante do burato, cunha vara na man.

Ó cabo de moito tempo apareceu un fociño rosa, logo o ratiño enteiro. Deulle un golpe lixeiro e quedou atónito ante aquel pequeno corpo que xa non bulía. Unha pinga de sangue manchaba a lousa. Limpouna axiña coa manga, chimpou o rato fóra e non lle dixo nada a ninguén.

Toda clase de paxariños picaban as sementes da horta. Ocorréuselle meter ervellas nunha cana oca. Cando oía piar nunha árbore achegábase caladiño, levantaba o tubo, inflaba as meixelas e chovíanlle nos ombros os animaliños en tal cantidade que non podía evita-lo riso, feliz da súa picardía.

Unha mañá, volvendo polo adarve, viu na crista do muro un groso pombo que se espelía ó sol. Xulián parou a miralo; como o muro tiña unha fenda naquel lugar, os seus dedos atoparon unha pedra. Levantou o brazo e a pedra abateu ó paxaro que caeu de golpe no foxo.

Precipitouse cara ó fondo, rabuñándose na maleza, furgando por todas partes, máis áxil ca un cadelo.

O pombo, coas ás rotas, palpitaba, colgado na póla dun ligustro.

A persistencia da súa vida irritou ó mociño. Púxose a estrangulalo; e as convulsións do paxaro facíanlle latexa-lo corazón, enchíano dunha voluptuosidade salvaxe e tumultuosa. Coa derradeira rixidez, sentiuse desfalecer.

Á noite, durante a cea, seu pai declarou que ó seu ver debía aprende-la montería; e foi buscar un vello caderno que contiña por escrito, a modo de preguntas e respostas, tódolos pormenores da caza. Un mestre mostráballe ó alumno a arte de adestra-los cans, de amestra-los falcóns, de tende-las trampas, cómo recoñece-lo cervo polos excrementos, o raposo polas trazas, o lobo polas pegadas, o bo modo de discerni-los seus camiños, de qué maneira se acurralan, ónde se atopan normalmente os refuxios, cáles son os ventos máis propicios, coa enumeración dos berros e as regras da preada.

Cando Xulián puido recitar de memoria todas estas cousas, seu pai arranxoulle unha manda de cans.

Distinguíanse alí, primeiro vintecatro lebreiros berberiscos, máis veloces ca gacelas, pero proclives a enfurecerse; despois dezasete parellas de cans bretóns, xaspeados de branco sobre fondo vermello, inquebrantables na súa obriga, fortes de peito e grandes ouveadores. Para o ataque do xabaril e as fintas perigosas había corenta grifóns peludos coma osos. Uns mastíns de Tartaria, case tan altos coma burros, da cor do lume, co lombo ancho e o xarrete dereito, estaban destinados a persegui-los uros. A pelaxe negra dos podengos relucía coma o satén; o ganido dos talbots igualaba ó dos lebreiros cantadores. Nun patio á parte roñaban, sacudindo as cadeas e cos ollos en branco, oito dogos aláns, formidables animais que saltan ó ventre dos xinetes e non temen os leóns.

Todos comían pantrigo, bebían en pías de pedra e levaban nomes sonoros.

A cetrería, se cadra, superaba a manda; o bo señor, a forza de cartos, conseguira terzolos do Cáucaso, lagarteiros de Babilonia, xerifaltes de Alemaña e falcóns peregrinos, capturados nos acantilados, no cabo de mares fríos, en afastados países. Ocupaban un galpón cuberto de palla e, amarrados á percha por

categorías de tamaño, tiñan ante eles un terrón de herba onde, de vez en cando, os pousaban para que se desentumecesen.

Bornais, anzois, trampas para lobos, toda sorte de enxeños foron confeccionados.

Con frecuencia levaban ó campo cans perdigueiros de mostra, que en seguida quedaban parados. Entón, os monteiros, avanzando a pasiños, estendían con precaución, sobre os seus corpos impasibles unha inmensa rede. A unha orde empezaban a ladrar; os paspallás voaban; e as damas dos arredores, convidadas cos seus homes, os nenos, as camareiras, todo o mundo se botaba enriba e collíanos doadamente.

Outras veces, para levanta-las lebres tocábanse tambores; os raposos caían nos foxos, ou saltaba unha trampa e pillaba un lobo por unha pata.

Pero Xulián desprezou aqueles cómodos artificios; prefería cazar lonxe da xente, co seu cabalo e o seu falcón. Este era case sempre un gran tártaro de Escitia, branco coma a neve. O seu capuchón de coiro ía coroado por un penacho, axóuxeres de ouro tremían nas súas patas azuis; mantíñase firme no brazo do seu amo mentres que o cabalo galopaba e se estendían as chairas. Desanoando as correas, Xulián soltábao de pronto: o intrépido animal subía polo aire dereito coma unha frecha; e víanse dúas manchas desiguais xirar, unirse e logo desaparecer nas alturas do ceo azul. O falcón non tardaba en descender esgazando algún paxaro e volvía apousar na manopla coas ás trémulas.

Xulián cazou desta maneira a garza, o miñato, a pega e mailo voitre.

Gustaba de seguir, tocando a trompa, os cans que corrían pola vertente dos cómaros, saltaban os regatos, remontaban o bosque; e cando o cervo comezaba a xemer coas mordeduras, abatíao con presteza; despois deleitábase coa furia dos mastíns que o devoraban, despezado sobre a propia pel fumegante.

Os días de brétema internábase nun tremedal para asexa-las ocas, as lontras e os patos silvestres.

Tres escudeiros, desde o raiar da alba, agardaban por el ó pé da escalinata; e por máis que o vello monxe, asomado á bufarda, lle acenara chamándoo, Xulián non daba a volta. Marchaba baixo o ardor do sol, baixo a choiva, coa tempestade, bebía a auga das fontes na súa man, comía trotando mazás silvestres, se estaba canso repousaba debaixo dun carballo; e regresaba no medio da noite, cuberto de sangue e de lama, con espiñas nos cabelos e cheirando a animais salvaxes. Virou coma eles. Cando súa mai o bicaba, el aceptaba friamente o seu abrazo, parecendo que cavilaba en cousas profundas.

Matou osos a coiteladas, touros coa machada, xabarís co chuzo; e mesmo unha vez, non tendo máis que un pao, defendeuse duns lobos que devoraban cadáveres ó pé dunha forca.

Unha mañá de inverno, partiu antes de raia-lo día, ben equipado, cunha bésta ó ombro e unha brazada de frechas no arzón da montura.

O seu cabalo danés, seguido por dous perdigueiros, ó trotar regularmente facía resoa-la terra. Pegábanselle á capa chiscas de xeo, sopraba unha brisa violenta. Clarexou un lado do horizonte e, na brancura da alborada, enxergou uns coellos brincando a carón das súas tobeiras. Precipitáronse inmediatamente os dous perdigueiros sobre eles: aquí e alí, con viveza, partíanlle-lo espiñazo.

Pronto entrou nun bosque. No extremo dunha póla, unha pita do monte, entumecida polo frío, durmía coa cabeza baixo da á. Xulián, dun revés coa espada, segoulle as dúas patas; e, sen recollela, seguiu o seu camiño.

Tres horas máis tarde, atopouse na cima dunha montaña tan alta que o ceo semellaba case negro. Diante del, unha rocha, semellante a un longo muro, baixaba dominando un precipicio; e, no seu extremo, dous machos cabrúns salvaxes miraban ó abismo. Como non levaba as frechas (pois o cabalo quedara atrás), ocorréuselle baixar cabo deles; medio arqueado, cos pés descalzos, chegou por fin onda o primeiro dos machos e afundiulle un puñal nas costas. O segundo, aterrorizado, saltou ó baleiro. Xulián lanzouse para golpealo; e, esvarando co pé dereito, caeu encima do cadáver do outro, coa cara sobre o abismo e os dous

brazos abertos.

Cando baixou de novo á chaira, seguiu os salgueiros que bordeaban un río. Os grous, voando moi baixo, de vez en cando pasábanlle por riba da testa. Xulián derrubábaos co látego, non fallou nin un.

Entrementres, o aire máis morno fundira o xeo, flotaban abundantes vapores, e apareceu o sol. Viu relucir ó lonxe un lago tranquilo que parecía de chumbo. No medio do lago había un animal que Xulián non coñecía, un castor de fociño negro. A pesar da distancia, unha frecha abateuno. El lamentou non poder leva-la súa pel.

Logo, avanzou por unha avenida de grandes árbores que formaban coas súas cimas como un arco de triunfo, á entrada dunha fraga. Saltou un corzo da espesura, un gamo apareceu nunha encrucillada, saíu un teixo dun burato, un pavón sobre a herba despregou a súa cola; e así que os matou todos, presentáronse outros corzos, outros gamos, outros teixos, outros pavóns e merlos, gaios, touróns, raposos, ourizos, linces, unha infinidade de animais, a cada paso máis numerosos. Xiraban ó redor del, trementes, cunha mirada chea de dozura e de súplica. Pero Xulián non cansaba de matar, ora tensaba a bésta, ora desenvaiñaba a espada ou apuntaba co coitelo, e non pensaba en nada, non lembraba cousa que fose. Estaba cazando nun país calquera, desde había un tempo indeterminado, polo só feito da súa propia existencia, acontecendo todo coa facilidade que experimenta un nos soños. Detívoo u espectáculo extraordinario. Uns cervos enchían un val coa forma dun circo e, amoreados, uns preto dos outros, dábanse calor cos seus alentos que se vían fumear na néboa.

A esperanza de semellante carnicería, durante algúns minutos, sufocouno de pracer. Entón baixou do cabalo, remangouse e púxose a tirar.

Ó asubío da primeira frecha, tódolos cervos á vez viraron a cabeza. Fixéronse ocos na súa masa, elevábanse voces queixosas e un gran movemento axitou o rabaño.

O rebordo do val era demasiado alto para franqueáreno. Saltaban no recinto, intentando escapar. Xulián apuntaba, tiraba; e as frechas caían coma os raios nunha choiva de tormenta. Os cervos enfurecidos pelexaron, empinábanse, montaban uns por riba dos outros; os corpos coas cornamentas mesturadas formaban un gran montículo, que se esborrallaba ó desprazarse.

Por fin morreron, tombados na area, cos fociños cheos de baba, as entrañas fóra; e as ondulacións dos seus ventres foron descendendo gradualmente. Despois todo quedou inmóbil.

Ía vi-la noite, e por detrás da fraga, nos intervalos entre as ramas, o ceo estaba vermello coma unha capa de sangue.

Xulián apoiouse contra unha árbore. Contemplou cos ollos desorbitados a enormidade da carnicería, sen dar creto a como puidera facer aquilo.

Alén do val, na borda da fraga, divisou un cervo, unha cerva e o seu cervato.

O cervo, que era negro e dun tamaño monstruoso, tiña dezaseis cornas e unha barba branca. A cerva, loura coma as follas mortas, pacía na herba; e o cervato xaspeado, sen interrompela na súa marcha, mamaba do ubre.

Unha vez máis zoou a bésta. De contado, caeu o morto o cervato. Entón, a súa mai, mirando para o ceo, bramou cunha voz profunda, lacerante, humana. Exasperado Xulián, dun golpe en pleno peito, tirouna a terra.

O gran cervo, que o vira, deu un salto. Xulián envioulle a súa última frecha. Deulle na fronte, e alí quedou chantada.

O gran cervo non pareceu que a sentise; brincando por riba dos mortos, seguía avanzando, ía abalanzarse sobre el, destripalo; e Xulián retrocedía con indicible espanto. Detívose o prodixioso animal; e, cos ollos flamexantes, solemne coma un patriarca e coma un xusticeiro, entrementres que unha campá tanguía ó

lonxe, repetiu tres veces:

—¡Maldito!, ¡maldito!, ¡maldito! ¡Un día, corazón feroz, asasinarás a teu pai e a túa mai!

Dobrou as patas, pechou suavemente os ollos e morreu.

Xulián quedou estupefacto, logo abatido por unha fatiga repentina; e foi invadido por un noxo e unha tristeza inmensa. Coa fronte entre as mans chorou durante moito tempo.

O seu cabalo extraviárase; os cans abandonárano; a soidade que o rodeaba pareceulle chea de ameazas de perigos indefinidos. Daquela, impelido polo terror, botou a correr a través dos campos, escolleu un carreiro ó chou e atopouse case de inmediato ás portas do castelo.

Pola noite non durmiu. Baixo a oscilación da lámpada colgante, seguía a ve-lo gran cervo negro. A súa predicción obsesionábao; debatíase contra ela. "¡Non, non, non! ¡Eu non os quero matar!", dicía para si; despois pensaba: "Ora que, ¿e se quixera?..." E temía que o demo lle inspirase tal desexo.

Durante tres meses, a mai, angustiada, rezou na cabeceira do seu leito, e o pai, laiando, deambulaba sen acougo polos corredores. Mandou busca-los doutores máis famosos que receitaron cantidades de drogas. O mal de Xulián, dicían eles, tiña por causa un vento funesto ou un desexo de amor. Mais o mozo, a todas estas cuestións, dicía que non coa cabeza.

Recuperou as forzas; e paseábano polo patio, sosténdoo por cadanseu brazo, o vello monxe e o bo do señor.

Cando estivo completamente restablecido, obstinouse en non cazar máis.

Seu pai, querendo alegralo, regaloulle unha grande espada sarracena.

Estaba na cima dun piar, nunha panoplia. Para alcanzala necesitouse unha escada. Xulián subiu. A espada, demasiado pesada, escapoulle dos dedos e, ó caer, rozou ó señor de tan cerca que lle cortou o saión; Xulián creu que matara a seu pai, e perdeu o coñecemento.

Desde entón, tivo medo das armas. A vista dun ferro nu facíao palidecer. Aquela debilidade causaba desolación na familia.

Por fin, o vello monxe, no nome de Deus, do honor e mais dos antepasados, ordenoulle recomeza-los seus exercicios de xentilhome.

Os escudeiros entretíñanse de cote co manexo da xavelina. Xulián axiña sobresaíu uso desta. Enviaba a súa ó pescozo das botellas, partía os dentes dos viraventos, daba con ela, a cen pasos, nos cravos das portas.

Unha tardiña de verán cando a brétema vira as cousas imprecisas, estando so a parra do xardín, albiscou moi ó fondo dúas ás brancas que voaban á altura da espaleira. Non tivo dúbida de que era unha cegoña, e lanzou o dardo.

Partiu un berro lacerante.

Era súa mai, a touca de longas abas quedara cravada no muro.

Xulián escapou do castelo, e non reapareceu nunca máis.

Uniuse a unha banda de aventureiros que por alí pasaba.

Coñeceu a fame, a sede, as febres e mailos piollos. Acostumouse ó tumulto das liortas, ó aspecto dos moribundos. O vento curtiulle a pel. Os seus membros endurecéronse ó contacto coas armaduras; e como era moi forte, valente, comedido, agudo, obtivo sen esforzo o mando dunha compañía.

Ó inicio das batallas, incitaba ós seus soldados cun gran xesto da súa espada. Pola noite, cunha corda de nós escalaba os muros das cidadelas, abaneado polo vendaval, en tanto que as muxicas do fogo grego se lle pegaban á coiraza e a resina ardente e mailo chumbo fundido chorreaban dende as ameas. Con frecuencia, o choque dunha pedra esnaquizoulle o escudo. Pontes demasiado cargadas de homes afundíronse baixo os seus pés. Xirando a maza desfíxose de catorce cabaleiros. Derrotou, en campo pechado, a tódolos que se lle presentaron. Máis de vinte veces foi dado por morto.

Gracias ó favor divino, sempre conseguiu salvarse; pois protexía a xente de igrexa, os orfos, as viúvas, e principalmente os vellos. Cando vía un andando diante del, chamábao para vedrlle a cara, coma se tivese medo de matalo por descoido.

Escravos fuxidos, campesiños rebelados, bastardos sen fortuna, toda sorte de xentes intrépidas acudiron ó abeiro da súa bandeira, e formou un exército.

Este medrou. Fíxose famoso. Solicitábano.

Socorreu alternativamente ó delfín de Francia e ó rei de Inglaterra, ós templarios de Xerusalén, ó surena dos Partos, ó negus de Abisinia e ó emperador de Calcuta. Combateu contra escandinavos cubertos de escamas de peixe, negros provistos de rodelas de coiro de hipopótamo e montados en asnos vermellos, indios cor de ouro brandindo sobre as súas diademas anchos sabres, máis diáfanos ca espellos. Venceu a trogloditas e antropófagos. Atravesou rexións tan tórridas que se acendían de seu as cabeleiras, coma fachos, so o ardor do sol; e outras tan xélidas, que os brazos, desprendéndose do corpo, caían polo chan; países onde había tanta néboa que andaba a xente rodeada de fantasmas.

Repúblicas en apuros consultárono. Nas entrevistas con embaixadores obtiña condicións inesperadas. Se un monarca se comportaba demasiado mal, chegaba el de súpeto e reprendíao. Librou pobos. Ceibou raíñas prisioneiras en torres. Foi el, e non outro, quen esmagou a bicha de Milán e o dragón de Oberbirbach.

Agora ben, o emperador de Occitania, que triunfara dos musulmáns españois, unírase en concubinato á irmá do califa de Córdoba; e, desta unión, conservaba unha filla que educara na fe cristiá. Daquela, o califa, finxindo que quería converterse, veuno visitar, acompañado dunha escolta numerosa: matou a toda a guarnición e botouno no fondo dun foxo, onde o trataba duramente, co fin de sacarlle os seus tesouros.

Xulián acudiu en axuda do emperador: destruíu a armada dos infieis, asediou a vila, matou o califa, cortoulle a cabeza e guindouna, coma unha bóla, por riba das murallas. Logo sacou o emperador da súa prisión e púxoo no trono de novo, en presencia de toda a súa corte.

O emperador, como premio a tal servicio, presentoulle moita prata nunhas cestas; Xulián non a quixo. Crendo que desexaba máis, ofreceulle os tres cuartos das súas riquezas; novo rexeitamento; despois, comparti-lo seu reino; Xulián deulle as gracias. O emperador choraba de despeito, sen saber de que maneira lle testemuña-la súa gratitude; entón, dando unha palmada na fronte, díxolle unhas palabras ó oído a un cortesán; alzáronse as cortinas dunha tapicería e apareceu unha moza.

Os seus grandes ollos negros brillaban coma dúas lámpadas moi doces. Os labios separábanse nun sorriso encantador. Os bucles da súa cabeleira enredábanse na pedrería do vestido entreaberto e, baixo a transparencia da túnica, adiviñábase a xuventude do seu corpo. Era moi feitiña e regordeta, co van fino.

Xulián quedou cegado de amor, particularmente porque ata alí levara unha vida moi casta.

Así que, recibiu en matrimonio a filla do emperador, cun castelo que ela herdara da súa mai. E, rematadas as vodas, separáronse logo de cumprimentos infinitos por unha parte e pola outra.

O castelo era un palacio de mármore branco, edificado á mourisca, sobre un promontorio, nun bosque de

laranxeiras. Terrazas con flores descendían ata o borde dun golfo onde estalaban cunchas rosas baixo dos pasos. Detrás do del estendíase unha fraga en forma de abano. O ceo estaba continuamente azul, e as árbores inclinábanse alternativamente baixo a brisa do mar, ou co vento das montañas que pechaban ó lonxe o horizonte.

As estancias, ateigadas de luz crepuscular, atopábanse iluminadas coas incrustacións nas paredes. Altas columniñas, delgadas coma canas, soportaban a bóveda das cúpulas, decoradas con relevos imitando as estalactitas das grutas.

Había chafarices de auga nas salas, mosaicos nos patios, tabiques festonados, mil delicadezas arquitectónicas; e, por todas partes, un silencio tal, que se oía o rozamento dun chal ou o eco dun suspiro.

Xulián xa non facía a guerra. Descansaba rodeado dun pobo tranquilo; e tódolos días pasaba unha multitude ante el, con xenuflexións e beixamáns á oriental.

Vestido de púrpura, permanecía acobadado no peitoril dunha ventá, lembrando as súas cacerías doutrora; e gustaríalle correr polo deserto tras gacelas e avestruces, estar acochado nos bambús ó axexo dos leopardos, atravesar bosques cheos de rinocerontes, acada-la cima dos máis inaccesibles montes para apuntar mellor ás aguias e, sobre o xeo do mar, combater ós osos brancos.

Ás veces, en soños, víase coma noso pai Adán no medio do paraíso, entre tódolos animais; só con estalicar un brazo, matábaos; ou ben desfilaban de dous en dous, por tamaños, dende os elefantes e os leóns ata os armiños e os patos, coma o día en que entraran na arca de Noé. Dende a sombra dunha caverna, lanzaba sobre eles dardos infalibles; aparecían máis; non se acababa nunca; e espertaba coa mirada furiosa, desorbitada.

Príncipes e amigos invitárono a cazar. Sempre se negou, coidando que con aquela especie de penitencia afastaba a súa maldición; pois parecíalle que da morte dos animais dependía a sorte dos seus pais. Pero sufría por non os ver a estes; e estoutro desexo facíaselle insoportable.

Para que se recrease, a súa muller mandou vir xograres e bailarinas. Paseaba con el en liteira aberta, pola campo; ou, tendidos no bordo dunha chalupa, miraban deambula-los peixes na auga, clara coma o ceo. Ás veces botáballe flores á cara; sentada ós seus pés, tocaba cancións cunha mandolina de tres cordas. Despois, poñéndolle no ombro as dúas mans xuntas, dicía con voz tímida:

—¿Que tedes, meu señor?

El non respondía cousa, ou ben rompía en saloucos. Ata que, por fin, un día confesoulle o seu horrible pensamento.

Ela combateulle a idea, razoando moi adecuadamente: o seu pai e a súa mai, probablemente, estarían mortos; se algunha vez os volvía ver ¿por que azar, con que obxectivo, había chegar el a semellante abominación? Xa que logo, o seu temor era infundado e debía cazar de novo.

Xulián sorría escoitándoa; pero non se decidía a satisface-lo seu desexo.

Unha noite do mes de agosto, estando no seu cuarto –ela acababa de se deitar e el axeonllábase para a oración–, oíu o ganido dun raposo e logo uns pasos lixeiros baixo da xanela; na escuridade, entreviu algo con aparencia de animais. A tentación era por de máis forte. Descolgou a alxaba.

A dona pareceu sorprendida.

—¡É por obedecerte! –díxolle el–. Ó raiar o sol estarei de volta.

Con todo, ela temía algunha aventura funesta.

Tranquilizouna. E despois saíu, asombrado da incoherencia do seu carácter.

Ó pouco tempo, un paxe veu anunciar que dous descoñecidos, á falta do señor ausente, reclamaban ve-la

señora de contado.

E de seguido entraron no seu cuarto un vello e unha vella, encurvados, poeirentos, con roupaxes de tea, apoiándose en candanseu bastón.

Animáronse e declararon que lle traían a Xulián novas de seus pais.

A señora inclinouse para oílos.

Pero, concertándose entre eles cunha ollada, preguntáronlle se el Xulián os seguía querendo, se falaba dos pais algunha vez.

—¡Oh, si! –asegurou ela.

Daquela exclamaron:

—¡Pois ben, somos nós! –e sentaron, pois estaban exhaustos, moídos de canseira.

Nada lle aseguraba á rapaza que o seu esposo fose fillo deles.

Déronlle unha proba, describindo unhas marcas particulares que aquel tiña sobre a pel.

Ela brincou do leito, chamou polo seu paxe e servíronlles comida.

Por máis que tiñan moita fame, case non podían comer; e ela observaba de esguello o tremor das súas mans osudas, ó colleren os vasos.

Fixéronlle mil preguntas sobre Xulián. Ela respondía a todas, mais coidando de omiti-la idea fúnebre verbo deles.

Como viran que non regresaba, marcharan do seu castelo. E levaban varios anos camiñando, con vagos indicios, sen perde-la esperanza de dar con el. Cumprira tanto diñeiro para a peaxe dos ríos e para as pousadas, para os dereitos dos príncipes e as esixencias dos ladróns, que o fondo da súa bolsa estaba baleiro e, agora, mendigaban. ¿Mais, que importaba; pois que axiña habían abraza-lo seu fillo? Exultaban de felicidade porque tivese unha muller tan xentil; e non cansaban de contemplala e darlle bicos.

Marabillábanse ante a riqueza do apousento. E o vello, examinando as paredes, preguntou por qué se atopaba alí o brasón do emperador de Occitania.

A dona replicou:

—¡É meu pai!

Nisto estremeceuse o vello, recordando a predicción do bohemio; e a vella pensaba nas palabras do ermitán. Sen dúbida, a gloria do seu fillo non era senón a aurora de esplendores eternos; e ámbolos dous permanecían pampos, baixo a luz do candelabro que alumeaba a mesa.

Deberan ser fermosos na súa xuventude. A mai aínda conservaba todo o cabelo, cunhas bandas finas, coma placas de neve, que lle pendían ata o baixo das fazulas; e o pai, coa súa elevada estatura e a gran barba, semellaba unha estatua de igrexa.

A muller de Xulián exhortounos a que non agardasen por el para descansar. Deitounos ela mesma no propio leito, e pechou a fiestra: adormeceron de contado. Ía nece-lo día, e trala vidreira os paxariños comezaban a cantar.

Xulián cruzara o parque e camiñaba polo bosque con paso nervioso, gozando da moleza do céspede e da

suavidade do ar.

As sombras das árbores alongábanse sobre o brión. Por veces a lúa formaba manchas brancas nos clareiros, e el dubidaba en seguir avanzando, coidando que vía unha charca de auga, ou cando a superficie das pozas tranquilas se confundía coa cor da herba. Reinaba un gran silencio; e non descubriu ningún dos animais que, poucos minutos antes, erraban nas inmediacións do castelo.

O bosque fíxose máis denso, e a escuridade máis profunda. Corrían bafaradas de vento cálido, cheas de olores enervantes. Afundíase en montóns de follas mortas, e apoiouse nun carballo arfando un pouco.

De súpeto, choutou detrás del unha masa máis negra, un xabaril. Xulián non tivo tempo de colle-lo arco, e aflixíuse coma se lle ocorrese unha desgracia.

Tras saír do bosque, avistou un lobo que corría a carón dunha sebe.

Xulián lanzoulle unha frecha. O lobo parou, virou a cabeza para miralo e recomezou a súa carreira. Trotaba, gardando sempre a mesma distancia; paraba de vez en cando e, tan logo como el lle apuntaba, reiniciaba a fuxida.

Xulián percorreu desta maneira unha chaira interminable, logo montículos de area e, finalmente, atopouse nunha meseta que dominaba un grande espacio da rexión. Alí había unhas pedras planas esparexidas entre sepulturas en ruínas. Tropezábase con osamentas de mortos; de treito en treito cruces reladas inclinábanse cun aspecto lamentable. Entón, removéronse unhas formas na sombra indecisa das tumbas e xurdiron unhas hienas, moi atemorizadas, bafexantes. Riscando coas unllas nas campas achegáronse a el e uliscábano cun bocexo que mostraba as súas enxivas. Desenfundou o sabre. Escaparon á vez en tódalas direccións e, proseguindo o seu galope coxo e precipitado, perdéronse ó lonxe nunha nube de po.

Unha hora máis tarde, nun barranco, deu cun touro furioso, cos cornos cara adiante, escarvando a terra cos pezuños. Xulián chantoulle a lanza na gorgueira. Esta crebou coma se o animal fose de bronce: el pechou os ollos esperando a morte. Cando os abriu de novo, o touro desaparecera.

Entón afundíuselle a alma de vergoña: un poder superior destruía a súa forza. E volveuse introducir no bosque, para retornar á casa.

O bosque estaba todo enredado de lianas; ía cortando nelas co sabre, cando unha donicela lle pasou bruscamente entre as pernas, unha pantera saltoulle sobre os ombros e unha serpe subiu en espiral por un freixo.

Nas ramas había unha gralla monstruosa, que observaba a Xulián; aquí e acolá apareceron entre a ramaxe, gran cantidade de chispas coma se o firmamento fixese chover no bosque tódalas súas estrelas. Eran ollos de animais, gatos monteses, esquíos, bufos, papagaios, monos...

Xulián lanzou contra eles as súas frechas; as frechas, coas súas penas, pousábanse sobre as follas coma bolboretas brancas. Tiroulles pedras; as pedras, sen tocar nada, volvían caer. Maldíxose, desexaría bater en si mesmo, proferiu imprecacións, afogaba de carraxe.

E presentáronselle outra vez tódolos animais que perseguira, formando un círculo pechado en torno a el. Uns estaban sentados sobre as ancas, os outros erguidos en toda a súa altura. El estaba no medio, paralizado de terror, incapaz do menor movemento. Cun esforzo supremo da súa vontade, deu un paso; os que estaban empoleirados nas árbores abriron as ás, os que pisaban o chan desprazaron os membros; e todos o acompañaban.

As hienas camiñaban diante del, o lobo e o xabaril detrás. O touro, á súa dereita, abaneaba a testa; e, á súa esquerda, a serpe ondulaba entre as herbas, mentres que a pantera, arqueando o lombo, avanzaba con paso de veludo e grandes alancadas. El camiñaba o máis lentamente posible para no irritalos; e vía saír do profundo da maleza porcos espiños, raposos, víboras, chacais e osos.

Xulián botou a correr; eles correron. A serpe asubiaba, as bestas fedorentas babexaban. O xabaril rozáballe os calcañares coas defensas, o lobo o interior das mans cos pelos do fociño. Os monos beliscábano

xesticulando, a donicela enrolábaselle nos pés. Un oso, dun revés coa pata, quitoulle o chapeo e a pantera deixou caer, desdeñosamente, unha frecha que levaba na boca.

Nos seus aires burlóns manifestábase unha certa ironía. Sen deixaren de observalo de esguello, parecía que meditasen un plan de vinganza e, enxordecido polo zunido dos insectos, golpeado por colas de paxaros, sufocado polos seus bafos, andaba cos brazos estendidos e os ollos pechados coma un cego, sen ter nin a forza de berrar: "¡Piedade!".

Vibrou no ar O canto dun galo. Respondéronlle outros; xa era día; e recoñeceu, alén das laranxeiras, a cumieira do seu palacio.

Despois, no bordo dunha leira, viu, a tres pasos de distancia, unha perdices vermellas que voaban nos restrollos. Desabrochou o manto e lanzóullelo por encima a modo de rede. Cando o levantou, non atopou máis que unha, e morta había tempo, podre.

Esta decepción exasperouno máis ca tódalas outras. Volvía ser presa daquela sede de carnicería; a falta de animais, quererría matar homes.

Subiu as tres terrazas, abriu a porta dun puñazo; pero, ó pé da escaleira, o recordo da súa querida esposa sosegoulle o corazón. Durmía, sen dúbida, e íalle dar unha sorpresa.

Tras quita-las sandalias, xirou suavemente a pechadura e entrou.

As vidreiras chumbadas escurecían a palidez da alba. Xulián encerellou os pés nunhas roupas, no chan; un pouco máis adiante, bateu cun aparador aínda cheo de pratos. "Seguramente que estivo comendo", dixo para si; e avanzaba cara ó leito, perdido nas tebras no fondo do cuarto. Cando chegou ó bordo, para bicar á súa muller, inclinouse sobre a almofada onde repousaban as dúas cabezas, unha xunto da outra. Entón sentiu contra a boca a impresión dunha barba.

Retrocedeu, pensando tolear; pero volveu onda a cama e, apalpando cos dedos, atopou uns cabelos moi longos. Para convencerse dun erro seu, volveu pasar lentamente a man pola almofada. ¡Era certamente unha barba, e un home! ¡Un home deitado coa súa muller!

Montando nunha cólera desmesurada, saltou sobre eles a puñaladas; patexaba, botaba escumallos, con ouveos de besta salvaxe. Logo detívose. Os mortos, co corazón traspasado, nin se moveran. El escoitaba atentamente os dous estertores case iguais e, a medida que se debilitaban, outro, moi distante, continuábaos. Incerta, ó principio, aquela voz queixosa, longamente proferida, aproximouse, inflouse, fíxose cruel; e recoñeceu, horrorizado, o brado do gran cervo negro.

E segundo daba a volta creu ver, no marco da porta, a pantasma da súa muller, cunha luz na man.

Atraéraa o rebumbio do crime. Cunha extensa ollada comprendeuno todo; e, fuxindo espantada, deixou cae-lo facho.

El recolleuno.

O seu pai e a súa mai estaban ante el, deitados de costas cun burato no peito; e as súas caras, de maxestosa dozura, parecían gardar un segredo eterno. Salpicaduras e charcas de sangue estendíanse polo súa pel branca, nas sabas da cama, polo chan, ó longo dun Cristo de almafí colgado na alcoba. O reflexo escarlata da vidreira, agora alcanzada polo sol, iluminaba aquelas manchas vermellas e poñía moitas máis por todo o apousento. Xulián andou cara ós dous mortos dicíndose, querendo crer, que aquilo non era posible, que se enganara, que ás veces hai parecidos inexplicables. Por fin dobrouse lixeiramente para ver máis de cerca o vello; e enxergou, entre as pálpebras mal pechadas, unha pupila apagada que o queimou coma lume. Logo acudiu ó outro lado da cama, ocupado polo outro corpo, ó que lle ocultaban os cabelos brancos unha parte da cara. Xulián pasoulle os dedos polas bandas, levantoulle a cabeza, e miraba para ela, sosténdoa no extremo do seu brazo ríxido, mentres que coa outra man alumaba co facho. As pingas, escorregando do colchón, caían unha a unha no piso.

Ó final do día presentouse ante a súa muller; e, cunha voz diferente da súa, ordenoulle, primeiramente, que

non lle respondese, que nos se achegase a el, que non o mirase sequera, e que seguise, so pena de condenación, tódalas súas ordes, que eran irrevogables.

Os funerais habíanse facer segundo as instruccións que el deixara por escrito, sobre un reclinatorio, na cámara dos mortos. Deixáballe o palacio, os vasalos, tódolos seus bens, sen conservar el nin sequera a roupa do seu corpo, nin as sandalias, que atoparían no alto da escaleira.

Ela obedecera á vontade de Deus, ocasionando o seu crime e debía rezar pola súa alma, porque de agora en diante el xa non existía.

Soterraron os mortos con magnificencia, na igrexa dun mosteiro a tres xornadas do castelo. Un monxe cuberto coa cugula, seguiu o cortexo, lonxe de tódolos demais, sen que ninguén ousase falarlle.

Permaneceu, durante a misa, tombado de bruzos no medio do pórtico, cos brazos en cruz e a fronte no po.

Despois do enterro, vírono colle-lo camiño que levaba ás montañas. Virou varias veces e acabou por desaparecer.

III

Marchou, mendigando a vida polo mundo.

Tendía a man ós cabaleiros nos camiños, con xenuflexións achegábase ós segadores ou ficaba inmóbil diante dos portóns dos currais; e a súa cara era tan triste que nunca lle negaban a esmola.

Por espírito de humildade contaba a súa historia; entón todos fuxían persignándose. Nos pobos por onde xa pasara, tan pronto como era recoñecido, pechaban as portas, berrábanlle ameazas, tirábanlle pedras. Os máis caritativos pousaban unha escudela no rebordo da fiestra e logo pechaban as contras para non o ver.

Rexeitado por todas partes, evitou os homes e alimentouse de raíces, de plantas, de froitas perdidas e de mariscos que buscaba ó longo dos areais.

Por veces, á volta dunha costa, vía embaixo unha confusión de teitos apertados, con frechas de pedra, pontes, torres, rúas atestadas que se entrecruzaban e das que subía un murmurio continuo.

A necesidade de mesturarse coa existencia dos demais facíalle descender á vila. Mais o aspecto bestial dos rostros, o estrondo dos oficios, a indiferencia das palabras xeábanlle o corazón. Os días de festa, cando as campás das catedrais alegraban desde a aurora o pobo enteiro, vía os habitantes saír das súas casas, as danzas nas prazas, as fontes de cervexa nas encrucilladas, os tapices de damasco diante das moradas dos príncipes e, cando chegaba a noite, polas vidreiras da planta baixa, as longas mesas das familias tendo os avós os netos nos xeonllos; sufocábano os saloucos e retornaba para os campos.

Contemplaba con arrebatos de amor os poldros nos prados, os paxaros nos seus niños, os insectos sobre as flores; todos, ante a súa proximidade, escapaban lonxe, agochábanse atemorizados, saían voando lixeiros.

Procurou a soidade. Pero o vento traíalle ós oídos como estertores de agonía; as bágoas de orballo que caían ó chan lembrábanlle outras gotas máis pesadas. O sol, tódolos seráns, despregaba sangue nas nubes e, cada noite, en soños, o seu parricidio comezaba de novo.

Fixo un cilicio con puntas de ferro. Subiu de xeonllos tódalos outeiros que tiñan capela no seu cumio. Mais o implacable pensamento escurecía o esplendor dos tabernáculos, torturábao entre as maceracións da penitencia.

Non se rebelaba contra Deus que lle inflixira aquel acto e, sen embargo, desesperábase porque puidera cometelo.

Arrepiábao tanto a propia persoa que, esperando librarse dela, expúxose a moitos perigos. Salvou paralíticos de incendios, nenos do fondo de barrancos. O abismo rexeitábao, as lapas evitábano.

O tempo non calmou o seu sufrimento. Facíase intolerable. Resolveu morrer.

E un día en que se encontraba á beira dunha fonte, ó inclinarse para calcula-la profundidade da auga, viu aparecer en fronte del un vello todo descarnado, coa barba branca e un aspecto tan lamentable que non puido conte-las lágrimas. O outro tamén choraba. Sen recoñece-la súa imaxe, Xulián lembraba confusamente una faciana parecida a aquela. Deu un berro: era seu pai; e non pensou máis en matarse.

Así, cargando co peso do recordo, percorreu moitos países; chegou preto dun río de moi perigosa travesía, por mor da súa violencia e porque nas beiras había unha grande extensión de limo. Ninguén ousara atravesalo dende había moito tempo.

Unha vella barca, coa traseira afundida, erguía a proa entre as canas. Ó examinala, Xulián descubriu un par de remos; e ocorréuselle a idea de emprega-la súa existencia ó servicio dos demais.

Comezou por establecer na ribeira unha especie de calzada que permitise baixar ata a canle; e partiu as unllas removendo pedras enormes: apoiábaas contra o corpo para transportalas, esvaraba no limo, afundíase, houbo de perecer varias veces.

Despois arranxou a barca con restos de navíos, e fixo unha casopa con adobe e troncos de árbores.

Sendo o paso coñecido, acudiron os viaxeiros. Chamábano dende a outra ourela axitando bandeiras; Xulián saltaba á barca de contado. Era moi pesada e sobrecargábana con toda sorte de equipaxes e fardos, sen conta-las bestas de carga que, couceando co medo, aumentaban a confusión. El non pedía nada polo seu traballo; algúns dábanlle restos de vituallas que sacaban das alforxas ou roupas moi gastadas que xa non querían. Homes brutais vociferaban blasfemias. Xulián reprendíaos con dozura, eles contestaban con aldraxes. El contentábase con bendicilos.

Unha pequena mesa, un tallo, unha cama de follato e tres cuncas de barro, velaí todo o seu mobiliario. Dous buratos na parede servían de ventás. A unha banda estendíanse, ata perderse de vista, chairas estériles con pálidos estanques na superficie, aquí e acolá; e, diante del, fluía o gran río coas súas ondas verdosas. Na primavera, a terra húmida tiña un cheirume de podremia. Logo, un vento desordenado levantaba remuíños de po. Entraba por todas partes, enturbaba a auga, renxía nas enxivas. Un pouco máis tarde, eran nubes de mosquitos, dos que non cesaban os zunidos e as picaduras nin de día nin de noite. Despois, sobreviñan atroces xeadas que impoñían ás cousas rixidez da pedra e inspiraban unha necesidade tola de comer carne.

Pasaban meses sen que Xulián vise a ninguén. Ás veces pechaba os ollos, intentando, coa memoria, retornar á xuventude: aparecía o patio dun castelo con lebreiros na cima dunha escalinata, criados na sala de armas e, baixo unha pérgola da parra, un adolescente de cabelo louro entre un vello cuberto de peles e unha dama cunha alta touca; de súpeto, os dous cadáveres estaban alí. Daquela, tirábase boca abaixo no leito e repetía, chorando:

—¡Ah!, ¡pobre pai!, ¡pobre mai!

E caía nun sopor no que as fúnebres visións continuaban.

Unha noite, mentres durmía, pareceulle oír que o chamaba alguén. Escoitou con atención e non distinguiu máis có estrondo das ondas...

Mais a voz repetiu :

—¡Xulián!

Viña da outra marxe, o que lle pareceu extraordinario, dada a anchura do río.

Por terceira vez chamaron:

—¡Xulián!

E aquela voz alta tiña o timbre dunha campá de igrexa.

Alumando cun farol, saíu da casopa. Un violento furacán enchía a noite. As tebras eran profundas, traspasadas, de cando en cando, pola brancura das ondas que saltaban.

Tras un minuto de indecisión, soltou a amarra. Ó instante, as augas quedaron tranquilas, a barca esvarou pola superficie e tocou a outra beira, onde agardaba un home.

Ía envolto nun lenzo esfarrapado, a súa cara era coma unha máscara de xeso e os ollos máis vermellos ca carbóns. Ó aproximar a el o farol, Xulián decatouse de que o cubría unha lepra repugnante; nembargantes, había na súa actitude unha especie de maxestade rexia.

Ó que entrou na barca, esta afundiuse prodixiosamente co seu peso; unha sacudida volveuna levantar, e Xulián púxose a remar.

A cada golpe de remo, a resaca das ondas erguía a proa. A auga, máis negra cá tinta, corría con furia polos dous lados da borda. Cavaba abismos, levantaba montañas, e a chalupa saltaba por riba, logo volvía descender ás profundidades, onde xiraba acaneada polo vento.

Xulián inclinaba o corpo, despregaba os brazos, e apoiándose nos pés, revirábase cunha torsión do van para facer máis forza. A sarabia azoutáballe as mans, a choiva escorregáballe polo lombo, a violencia do ar afogábao, e detívose. Entón, o barco foi arrastrado ó garete. Mais, comprendendo que se trataba de algo extraordinario, dunha orde á que non había que desobedecer, colleu de novo os remos; e o bater dos toletes cortaba o clamor da tempestade.

O pequeno farol ardía diante del. Algúns paxaros, revoando, ocultábano a intervalos. Pero el seguía vendo as pupilas do leproso, que permanecía de pé na popa, inmóbil coma unha columna.

¡E isto durou moito, moito tempo!

Cando chegaron á choza, Xulián pechou a porta; pero viu o home sentado no tallo. A especie de sudario que o recubría caéralle ata as cadeiras; e os seus ombros, o peito, os brazos fracos desaparecían baixo placas de pústulas escamentas. Profundas engurras sucaban a súa fronte. Tal coma un esqueleto, tiña un burato no sitio do nariz, e os labios azulados desprendían un alento mesto coma a néboa e nauseabundo.

—¡Teño fame! –dixo.

Xulián deulle o que tiña: un anaco de touciño vello e unhas codias de pan negro.

Despois de devorala comida, a mesa, a escudela e mailo mango do coitelo levaban as mesmas manchas que se vían no seu corpo.

Logo dixo:

—¡Teño sede!

Xulián foi buscar o xerro, e ó collelo saíu del un aroma que lle ensanchou o corazón e as ventas do nariz. Era viño. ¡Que achado!, pero o leproso estalicou o brazo e, dun tirón, baleirou o xerro.

Logo dixo:

—¡Teño frío!

Xulián acendeu coa candea un mollo de fentos, no medio da cabana.

O leproso foise quentar; e alí anicado, tremelicaba todo el, íase debilitando; os seus ollos xa non brillaban, as úlceras supuraban e, cunha voz case extinta, murmurou :

—¡O teu leito!

Xulián axudoulle a ir chegando engordiño ata ela, e mesmo lle botou por riba, para tapalo, a lona do seu barco.

O leproso laiaba. As comisuras dos labios descubrían os dentes, un estertor acelerado sacudíalle o peito, a cada inspiración o seu ventre afundíase ata as vértebras.

Seguidamente, pechou as pálpebras.

—É como se tivese xeo nos ósos, dixo. ¡Ven cabo de min!

E Xulián, apartando a lona, deitouse no xergón preto del, moi xuntos.

O leproso virou a cabeza.

—¡Íspete, para darme a calor do teu corpo!

Xulián quitou a roupa; logo, nu coma o día que nacera, volveuse meter no leito; e sentía contra a coxa a pel do leproso, máis fría ca unha serpe e áspera coma unha lima.

Intentou darlle ánimos, pero o outro respondía arquexando:

—¡Ah!, ¡vou morrer! ¡Achégate, quéntame! ¡**N**on!, ¡coas mans, non!, ¡con todo o corpo!

Xulián deitouse completamente encima del, boca contra boca, peito contra peito.

Entón o leproso abrazouno; e os seus ollos, de repente, refulxiron coma estrelas; os seus cabelos alongáronse coma raios de sol; o sopro do seu nariz tiña o doce aroma das rosas; elevouse do fogar unha nube de incenso, cantaban as ondas. Entre tanto, unha abundancia de delicias, unha felicidade sobrehumana descendía coma unha inundación sobre a alma de Xulián abraiado; e aquel que o seguía apertando entre os brazos ía medrando, medrando, tocando coa cabeza e cos pés nas dúas paredes da cabana. Voou o teito despregábase o firmamento; e Xulián subiu cara ós espacios azuis, fronte por fronte con Noso Señor Xesús, que o levaba ó ceo.

Pois velaí a historia de san Xulián o Hospitalario, tal como se atopa, máis ou menos, na vidreira dunha igrexa, no meu país.